XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte

# INDICACIÓNS PARA A INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS E DEPORTISTAS DE GALICIA, DA DIRECCIÓN XERAL PARA O DEPORTE, DA XUNTA DE GALICIA

De acordo coa Lei 11/1997, do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia (D.O.G. nº 170 de 4 de setembro/97), e demais normativa aplicable, é necesaria a presentación da seguinte documentación, por "TRIPLICADO EXEMPLAR":

1.- Solicitude normalizada, solicitando a inscrición no REXISTRO coa indicación da documentación aportada.

2.- "O EXEMPLAR PARA A ADMINISTRACIÓN" DO PAGO DAS TAXAS (9,27 €), que se deberá realizar a través das entidades financeiras colaboradoras autorizadas, mediante o impreso de taxas de autoliquidación@ establecido por Orde de 30 de Xuño de 1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG do 01.07.92). No dorso do mesmo figuran as entidades autorizadas.

3.- Acta de Constitución.

4.- Acta de aprobación de Estatutos pola Asemblea Xeral.

5.- Relación de nomes, número do DNI e domicilio dos promotores ou directivos.

6.- Estatutos do Club.

PRÉGASE:

* Ter en conta que a documentación é por TRIPLICADO, (os tres exemplares con firmas ORIXINAIS). Os ESTATUTOS deberán asinarse en todas as follas.

* Non grampar a documentación (utilizar clips).

* Colocar os documentos na orde indicada, en cada exemplar.

* Poñer os enderezos completos e precisos, coa indicación dos Códigos Postais.

* Coidar que o nome do club apareza de forma precisa e igual en todos os apartados que correspondan.

* Encher a documentación a máquina ou ben a man, con letras maiúsculas tipo imprenta.

************************
*******